


AS FRACAS



**CEIP SANTA MARÍA
AS PONTES**

ÍNDICE

- Mapa
- Río Eume
- Que é unha fraga?
(Especies vexetais)
- Fauna
(Especies animais)
- As fragas do Eume
- As fragas de Vilarbó, O Cabalar e Dona Rita



RÍO EUME

Nace na Serra do Xistral, na provincia de Lugo.


Un sinuoso percorrido condúceo ata As Pontes de García Rodríguez, onde recibe as augas do río Chamoselo.



Desemboca na ría de Pontedeume, oitenta quilómetros despois do seu nacemento.

Ten outros afluentes como o Montouto, Pena de Traste ou Rebordelle.

No seu curso destacan os encoros da Ribeira nas Pontes e o do Eume no concello da Capela.



QUE É UNHA FRAGA?



Un bosque é algo máis que un conxunto de árbores; é un ecosistema extremadamente complexo no que interveñen moitos animais e vexetais.

En Galicia chamámoslles fragas ás zonas de bosque espesas, ao interior das cales chega unha luz velada pola enramada.

O termo fraga abrangue, na linguaxe popular galega, varios tipos de bosque, todos eles pertencentes aos denominados bosques atlánticos caducifolios europeos.


As especies que máis abundan son os **ameneiros**, os **bidueiros**, as **faias**, o **sanguiño**, o **freixo**, **castiñeiro**s, e tamén **silvas**, **xestas**, **queirogas**, **espiños**, **loureiros** ou **sobreiras**.

A especie dominante é o **carballo** (*Quercus robur*) .

Hai tamén **lique**s e outras plantas como **brións** ou **fieitos**, así coma unha grande variedade de **cogomelos**.

Cada outono, as árbores caducifolias vanse descompoñendo para formaren un escuro humus que proporcionará ao solo os nutrientes necesarios para o seu mantemento.


As fragas tamén teñen a cor das flores que medran á sombra das árbores. Hai case cen especies diferentes delas, destacando as **primaveras amarelas** (*Primula vulgaris*), que medran nos prados, ou a **chuchamel**, os **narcisos** ou as **valerianas**.



A árbore dominante nas fragas do Eume é o carballo (*Quercus robur*). Xunto a el conviven outras moitas especies. Algunhas crean formacións localmente numerosas.

Carballo

Os bidueiros (*Betula celtiberica*) colonizan as terras más difíciles pola pobreza do seu solo ou pola súa inclinación, enriquecéndoas e estendendo así o bosque. As súas follas amarelas e as cascas brancas dos seus troncos destacan na paisaxe invernal.



Bidueiro



Sobreiro



Os castiñeiro (Castanea sativa), especie orixinariamente diseminada nos bosques europeos e moi pouco numerosa, beneficiouse do seu intenso cultivo durante o Imperio Romano.



Castiñeiro



Sanguíño

Para o observador máis atento, as fragas reservan áinda novas sorpresas, como os delicados sanguíños (*Frangula alnus*), o pradairo (*Acer pseudoplatanus*), o espiño (*Crataegus monogyna*) ou os antepasados das nosas froiteiras, como a maceira e a pereira silvestres (*Malus sylvestris* e *Pyrus cordata*) ou a cerdeira (*Prunus avium*).

Woodwardia radicans



Usnea barbatus


Hipholoma



29



Cytisus scoparius



Viola sp.



Narcissus sp.



Boletus edulis


FAUNA

As castañas, as abelás ou as landras son os froitos más frecuentes das fragas e farán as delicias da fauna vexetariana.

Aparecen múltiples invertebrados como as **arañas**, a **mantis** ou **lesmas**.



De entre os anfibios e réptiles destacarían a **salamántiga galega**, o **sapiño troiteiro** ou o **lagarto das silvas**.



Algunhas das moitas aves que viven neste espazo natural son o **ferreiriño común**, o **tordo galego**, o **peto**, o **bufo real** e multitud de pequenos paxaros como o **paporrubio** ou o **cardeal**.

No río Eume viven especies como a **troita**, a **anguía**, o **reo** ou a **lontra**.

Hai tamén 41 especies de mamíferos coma o **raposo**, o **leirón**, a **garduña** ou o **morcego**.

Lagarto das silvas

A súa distribución mundial tamén se limita case en exclusiva ó oeste da península Ibérica. Entre outubro e febreiro, garda un longo repouso invernal.



Peto real

O carpinteiro das fragas fai o seu niño batendo co seu bico nos troncos das árbores más maduras. Alí traerá ó mundo os seus polos. No inverno outras criaturas, como leiróns, ocuparán este confortable ático.




Sapiño troiteiro




Ferreiriños comúns

Entre os moitos paxariños que viven nas pólás das árbores destacan por ruidosos e acróbatas os ferreiriños. Non hai poliña pequena e estreita que se lles resista cando é a hora de buscar nella pequenos insectos e sementes.



Pequenos paxaros

Para vivir entre as ramas das fragas, lonxe do falcón, o mellor é ser un pequeno paxaro. O paporrubio (esquerda) é unha das aves más comúns, e aliméntase dunha variada dieta. A esribenta riscada (abaixo esquerda) prefire os lindes do bosque. Non así o cardenal (abaixo dereita), amante das zonas más sombrías.



Tordo galego

O seu canto no comezo da primavera
é un dos máis fermosos. Gústanlle moito
os caracois. Para comeles, golpea as súas
cunchas contra as pedras.



Bufo real

É o superdepredador das fragas.
Aquí non ten inimigo. Pasa o día
oculto no canón do Eume ou
nalgún secreto recanto do bosque.
Ó cae-la noite, sae a cazar,
mesmo un paxariño, un miñato
ou mesmo un raposo novo.





Raposo

Este pequeno carnívoro, listo e oportunista, está amplamente distribuído en toda a extensión deste espacio natural. Percórre os descanso día e noite na procura de alimento, que poden ser ratos, coellos, pequenas aves, froitos e mesmo lixo que atopa nos vertedoiros.




Leirón

Nocturno e moi inquedo. Así é o leirón. Móvese discretamente entre as pólás buscando os invertebrados dos que alimentarse, dieta que completa con amoras e outros froitos. Pero ten que ser discreto, xa que son moitos os seus depredadores.



Garduña

A garduña é unha oportunista que se adapta a vivir case en calquera lugar. Só necesita vellas árbores ou rochas nas que encamarse e reproducirse, e presas como ratos ou paxaros, ou mesmo froitos.



Reo

AS FRAGAS DO EUME

O val deste río alberga o tipo de bosque atlántico más escaso e raro de Europa. Aquí sobreviviu xunto ao mar, no medio das brumas traídas polo océano, existindo aquí numerosas especies animais e vexetais ameazadas, algúnhas delas relictas.

Aparecen nestas fragas numerosas especies de **fieitos**, verdadeiras xoias botánicas que sobreviviron ao longo de moitísimo tempo (entre 65 e 1,6 millóns de anos), procedentes do Terciario , cando os dinosauros aínda dominaban a Terra.

Este espazo natural compárteno cinco concellos: As Pontes de García Rodríguez, Monfero, A Capela, Cabanas e Pontedeume.



Hai ao longo das Fragas do Eume moitos restos prehistóricos como mámoas ou castros. Pero sobre todos eles destaca o mosteiro de San Xoán de Caaveiro, que preside as Fragas desde o século IX , ocupando un lugar privilexiado dentro do corazón do parque natural. Este mosteiro foi fundado na entón vila de Calavario, de aí o seu nome.

Nos últimos anos acometeuse unha importante rehabilitación deste monumento que chegou a atoparse nun estado totalmente ruinoso e lamentable. Neste momento o mosteiro está aberto ao público durante os festivos, as pontes e as fins de semana, sendo o mellor acceso por unha estrada asfaltada que parte de Pontedeume.

Noutra parte das Fragas do Eume atópase o mosteiro de Santa María de Monfero, fundado baixo a regra de san Bieito e reconvertido posteriormente en cisterciense. Neste monumento tamén se están acometendo importantes obras de rehabilitación.



O mosteiro de Caaveiro



O mosteiro de Monfero

AS FRAGAS DE VILARBÓ, O CABALAR E DONA RITA

O concello das Pontes é unha zona industrial, pero tamén conta con importantes espazos naturais dos que cabe destacar:

1.- **A Fraga de O Cabalar**, con albergues que proceden da reconstrución das antigas casa do lugar, onde os rapaces poden coñecer o entorno natural, ademais de levar a cabo actividades culturais ou deportivas relacionadas co medio ambiente e sempre cun marcado carácter ecoloxista,



2.- **A Fraga de Vilarbó**, que conta cun excepcional campamento onde se organizan cursos, seminarios, ou simplemente estancias dunha determinada duración para disfrutar deste fermoso lugar que ten o encanto que proporciona a combinación do bosque co río.





3.-A Fraga de Dona Rita , antiga carballeira doada polos herdeiros de dona Rita Cabarcos Durán, antiga mestra da localidade e que lle deu o nome a este espazo natural.

Neste lugar o 25 de xullo de cada ano celébrase unha romaría popular que atrae a xente de diversas partes e que está declarada festa de interese turístico.

